

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CD3ELE000100	Sistemas electrotécnicos e automatizados	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1708	Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo	2024/2025	1	30	30

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	SERGIO SENDÓN FORMOSO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Real Decreto 500/2024, de 21 de maio, polo que se modifican determinados reales decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grado superior e se fixan as súas ensinanzas mínimas dispón os resultados de aprendizaxe, contidos, etc do módulo de Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo.

O módulo de Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo terá como finalidade o desenvolvemento do coñecemento e competencias básicas en economía verde, sustentabilidade e impacto ambiental da actividade, así como as condicións en que as esixencias da transición ecolóxica modifican os procesos produtivos do sector correspondente, sendo o seu currículo básico, común aos ciclos formativos de grado medio e superior.

Resulta indubidable a importancia do currículo deste módulo en calquera ámbito produtivo, sendo cada vez máis restrictivas as esixencias tanto legais como sociais que debe soportar calquera proceso produtivo en relación á sustentabilidade.

No ámbito produtivo do CIFP Politécnico de Santiago son numerosas as empresas e institucións que aplican aos seus procesos os contidos deste módulo, desde grandes empresas ata pequenos negocios. O alumnado adquirirá os coñecementos e familiarizarase con termos e procesos que son comúns no mundo laboral actual.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa		3	10
2	Do desenvolvemento sustentable á sustentabilidade: Axenda 2030 e obxectivos de desenvolvemento sustentable		5	16
3	Retos ambientais contemplados pola axenda 2030		5	16
4	Retos sociais contemplados pola axenda 2030		6	18
5	Economía verde e circular		4	16
6	Inversión socialmente responsable, criterios ASG e plans de sustentabilidade para a empresa		4	14
7	Informes e certificacións de sustentabilidade para empresas		3	10

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa	3

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	NO
RA4 - Propón produtos e servizos responsables tendo en conta os principios da economía circular	NO
RA5 - Realiza actividades sustentables minimizando o impacto destas no ambiente	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.4 Identifícaronse as prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS
CA4.6 Identifícaronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados
CA5.4 Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Contribución das actitudes persoais na consecución dos ODS.
Identificación dos procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados.
Apreciación do impacto das actividades persoais e profesionais.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Do desenvolvemento sustentable á sustentabilidade: Axenda 2030 e obxectivos de desenvolvemento sustentable	5

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse o concepto de sustentabilidade, establecendo os marcos e os acordos internacionais asociados ao desenvolvemento sustentable
CA1.2 Identificáronse os piares ambientais, sociais e de gobernanza que inflúen no desenvolvemento sustentable das organizacións empresariais
CA1.3 Relaciónáronse os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Marcos e acordos internacionais da sustentabilidade.
Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable. Relevancia para a consecución da Axenda 2030.
Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente.
Introdución ao concepto de sustentabilidade. Repercusión na economía globalizada.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Retos ambientais contemplados pola axenda 2030	5

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar	NO
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os principais retos ambientais e sociais
CA2.1.1 Identifícanse os principais retos ambientais
CA2.2 Relaciónanse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.2.1 Relaciónanse os retos ambientais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.3 Analízase o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.3.1 Analízase o efecto dos impactos ambientais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 Identifícanse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais
CA2.4.1 Identifícanse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais
CA2.5 Analízase a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable
CA2.5.1 Analízase a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable
CA3.1 Identifícanse os ODS máis relevantes para a actividade profesional que realizan
CA3.1.1 Identifícanse os ODS ambientais máis relevantes para a actividade profesional que realizan
CA3.2 Analízanse os impactos reais e potenciais relacionados cos ODS

Criterios de avaliación
CA3.2.1 Analizáronse os impactos reais e potenciais relacionados cos ODS ambientais
CA3.3 Analizáronse as actitudes persoais na consecución dos ODS
CA3.3.1 Analizáronse as actitudes persoais na consecución dos ODS ambientais

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc. ), descarbonización etc.</p> <p>Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.</p> <p>Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS.</p> <p>Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos</p> <p>Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.</p> <p>Identificación dos aspectos de sustentabilidade e ODS máis salientables do sector produtivo correspondente.</p> <p>Riscos, impactos reais e potenciais relacionados cos ODS.</p> <p>Adopción de prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS.</p>

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Retos sociais contemplados pola axenda 2030	6

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar	NO
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os principais retos ambientais e sociais
CA2.1.2 Identifícaronse os principais retos sociais
CA2.2 Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.2.2 Relacionáronse os retos sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.3 Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.3.2 Analizouse o efecto dos impactos sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 Identifícaronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais
CA2.4.2 Identifícaronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos sociais
CA2.5 Analizouse a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable
CA2.5.2 Analizouse a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable
CA3.1 Identifícaronse os ODS máis relevantes para a actividade profesional que realizan
CA3.1.2 Identifícaronse os ODS sociais máis relevantes para a actividade profesional que realizan
CA3.2 Analizáronse os impactos reais e potenciais relacionados cos ODS
CA3.2.2 Analizáronse os impactos reais e potenciais relacionados cos ODS sociais
CA3.3 Analizáronse as actitudes persoais na consecución dos ODS
CA3.3.2 Analizáronse as actitudes persoais na consecución dos ODS sociais

**4.4.e) Contidos**

Contidos
<p>Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc. ), descarbonización etc.</p> <p>Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.</p> <p>Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS.</p> <p>Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos</p> <p>Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.</p> <p>Identificación dos aspectos de sustentabilidade e ODS máis salientables do sector produtivo correspondente.</p> <p>Riscos, impactos reais e potenciais relacionados cos ODS.</p> <p>Adopción de prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS.</p>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Economía verde e circular	4

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Propón produtos e servizos responsables tendo en conta os principios da economía circular	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Determináronse os modelos de produción e consumo actual
CA4.2 Analizouse o ciclo de vida do produto

Criterios de avaliación
CA4.3 Identifícaronse os principios da economía verde e circular
CA4.4 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA4.5 Aplicáronse principios de ecodeseño

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Análise de sustentabilidade do ciclo de vida de produtos e servizos.
Características principais dos modelos de produción e consumo actual en produtos e servizos.
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Produtos sustentables: ecodeseño.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Inversión socialmente responsable, criterios ASG e plans de sustentabilidade para a empresa	4

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	NO
RA5 - Realiza actividades sustentables minimizando o impacto destas no ambiente	NO
RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustifica accións para a súa xestión e a súa medición	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.4 Analizouse a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización
CA1.5 Identifícaronse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sustentabilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento
CA1.6 Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores
CA5.1 Caracterizouse o modelo de produción e consumo actual
CA5.2 Identifícaronse os principios da economía verde e circular
CA5.3 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA5.7 Analizouse o ciclo de vida do produto
CA5.8 Identifícaronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados
CA6.1 Identifícaronse os principais grupos de interese da empresa
CA6.2 Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais
CA6.3 Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados
CA6.4 Determináronse as métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Definición de investimento socialmente responsable (ISR): criterios éticos, ambientais e sociais. Tipos de ISR.
Piars ambientais, sociais e de gobernanza transcendentales no desenvolvemento sustentable das organizacións.
Identificación dos aspectos sociais e de gobernanza (ASG) nas organizacións.

Contidos
<p>Aplicación dos principios da economía verde e circular.</p> <p>Modelos de produción e consumo actual en diferentes actividades ou produtos sustentables.</p> <p>Análise das fases do ciclo de vida do produto.</p> <p>Criterios de sustentabilidade aplicados nos procesos de produción.</p> <p>Cumprimento de normativa ambiental.</p> <p>Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción.</p> <p>Establecemento das métricas de avaliación acerca do desempeño da empresa tendo en conta os estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados.</p> <p>Identificación dos principais grupos de interese da empresa.</p> <p>Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.</p> <p>Análise de todos os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza, das expectativas dos grupos de interese e da importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais.</p> <p>Accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e a aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados.</p>

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Informes e certificacións de sustentabilidade para empresas	3

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza actividades sustentables minimizando o impacto destas no ambiente	NO
RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustifica accións para a súa xestión e a súa medición	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.5 Aplicáronse principios de ecodesenho
CA5.6 Aplicáronse estratexias sustentables
CA5.9 Aplicouse a normativa ambiental
CA6.5 Elaborouse un informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Materialización dos principios de ecodesenho nas actividades ou nos produtos sustentables.
Aplicación de estratexias sustentables.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

<p>MÍNIMOS EXIXIBLES:</p> <p>CA3.4 - Identifícanse as prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS</p> <p>CA1.3 - Relacionáronse os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030</p> <p>CA2.1.1 - Identifícanse os principais retos ambientais</p> <p>CA2.3.1 - Analizouse o efecto dos impactos ambientais sobre as persoas e os sectores produtivos</p> <p>CA2.4.1 - Identifícanse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais</p> <p>CA3.1.1 - Identifícanse os ODS ambientais máis relevantes para a actividade profesional que realizan</p> <p>CA2.1.2 - Identifícanse os principais retos sociais</p> <p>CA2.2.2 - Relacionáronse os retos sociais co desenvolvemento da actividade económica</p>
---

CA3.1.2 - Identifícaronse os ODS sociais máis relevantes para a actividade profesional que realizan

CA4.1 - Determináronse os modelos de produción e consumo actual

CA4.3 - Identifícaronse os principios da economía verde e circular

CA1.4 - Analizouse a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización

CA1.5 - Identifícaronse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sustentabilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento

CA5.1 - Caracterizouse o modelo de produción e consumo actual

CA5.2 - Identifícaronse os principios da economía verde e circular

CA6.2 - Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

As tarefas realizadas valoraranse por separado. En cada unha delas terase en conta o peso ponderado dos criterios de avaliación que avalía. A nota da unidade didáctica (UD) será a nota da media ponderada de cada un dos criterios de avaliación (CA) da unidade didáctica (UD). A nota da avaliación será a nota ponderada da cada unidade didáctica (UD) que se impartise durante esa avaliación e calculada sobre unha nota máxima de 10. (A 1ª avaliación constará das unidades didácticas 2 e 3, a 2ª avaliación das unidades 1, 3 e 4, e a 3ª avaliación das unidades 5 e 6)

Para que a nota da avaliación sexa maior que 5 débese superar cada criterio de avaliación sinalado como mínimo exixible cunha nota mínima de 5 sobre 10. De non acadar esa puntuación proporase repetir as tarefas implicadas nos criterios de avaliación cun puntuación menor de 5.

A nota final do módulo será o resultado de calcular a ponderación das notas de cada unha das unidades didácticas (UD).

No caso de non chegar a unha calificación de 5 ou non superar os criterios de avaliación (CA) sinalados como mínimos exixibles proporanse actividades de recuperación no periodo destinado a tal fin no mes de xuño.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para aquel alumnado que non acade os obxectivos na avaliación ordinaria en cada unha das avaliacións, establecerase un programa de actividades de reforzo educativo co fin de poida acadar os mínimos esixibles,

de xeito que se intente superar o módulo coas actividades de reforzo, e medidas que favorezan a individualización do ensino. Estas actividades de reforzo serán cualificadas individualmente polo profesor e realizaranse ó final do período de docencia e antes da avaliación ordinaria de Xuño.

Recuperaránse as tarefas non rematadas ou mal confeccionadas. As probas realizaranse de maneira práctica nun dos ordenadores da aula correspondente.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Este alumnado será avaliado por medio dunha proba final no mes de Xuño, que versará sobre os contidos do currículo. Para superar o módulo será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Realizarase o seguimento desta programación e valorarase si se cumpriu co planificado, analizando as posibles causas de desvío e sacando as conclusións oportunas para realizar, de selo caso, os posibles axustes.

Asemesmo comprobarase a idoneidade dos materiais aportados e se foron motivadores.

Analizarase a riqueza das interaccións profesor-alumnado e as novas aportacións xurdidas.

Pasaraselle ao alumnado unha enquisa na que valorarán a actividade docente. O profesor analizará os resultados da mesma co fin de sempre mellorar a súa práctica docente.

#### **8. Medidas de atención á diversidade**

##### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

O primeiro día de clase dentro da presentación e mediante un pequeno coloquio e unha enquisa, no que se tomarán anotacións de cada alumno e do grupo en xeral, o docente fará esta avaliación para detectar se os alumnos posúen os coñecementos básicos que deberían ter adquirido en etapas anteriores. Teranse tamén en conta as particularidades persoais de cada un deles.

**8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Para aquel alumnado que non acadase os obxectivos na avaliación ordinaria en cada unha das avaliacións, establecerase un programa de actividades de reforzo educativo co fin de poida acadar os mínimos esixibles, de xeito que se intente superar o módulo coas actividades de reforzo, e medidas que favorezan a individualización do ensino. Estas actividades de reforzo serán cualificadas individualmente polo profesor e realizaranse ó final do período de docencia e antes da avaliación ordinaria de Xuño.

Calquera medida deste tipo realizarase contando co diagnóstico, asesoramento e seguimento do Departamento de Orientación do Centro.

**9. Aspectos transversais****9.a) Programación da educación en valores**

O profesorado promoverá os seguintes valores, que axudarán ao estudiantado na súa vida persoal e laboral:

Asistencia e puntualidade.

Puntualidade na entrega dos traballos e tarefas encomendadas.

Participación e atención prestada.

Compañeirismo e respecto polos compañeiros e polo profesor.

Responsabilidade, tolerancia e respecto polo medio ambiente.

Respecto pola seguridade e saúde no traballo.

Orde e limpeza.

Calidade na elaboración de documentación.

Disponibilidade do material necesario para as clases.

**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Prevese a participación na realización de calquera actividade proposta polo Departamento de Electricidade- Electrónica.

En concreto prevese realizar os seguintes cursos relacionados directamente co currículo deste ciclo:

- Prevención de riscos e manexo seguro de plataformas elevadoras
- Prevención de riscos e manexo seguro de carretillas elevadoras
- Prevención de riscos laborais

- Traballos en altura